

Proxecto Educativo e de Acción Cultural do Museo do Pobo Galego



Museo do Pobo Galego



Marco estratéxico para a educación patrimonial, a mediación cultural e a participación social

ÍNDICE

0. Presentación
1. Antecedentes
2. Marco conceptual e principios orientadores
3. Obxectivos
4. Metodoloxía
5. Avaliación
6. Ámbitos de traballo
7. Marco organizativo

PRESENTACIÓN

O Proxecto Educativo e Cultural do Museo constitúe un documento que expresa os aliñamentos fundamentais e trata de ordenar as actuacións do Museo no ámbito da educación e a acción cultural. Articúlase a partir dun modelo integrado de acción educativa e cultural no que a investigación aplicada, a interpretación museolóxica do patrimonio e a mediación cultural operan de maneira interdependente e continua. Este marco non organiza funcións illadas, senón un sistema de relacións no que o coñecemento do patrimonio, a súa tradución museolóxica e a súa activación social constitúen un único proceso.

Neste sentido, a educación patrimonial no Museo non se entende como un servizo complementario, senón como unha dimensión estrutural da función museolóxica, que vincula a produción de coñecemento coa súa comunicación pública e coa participación social.

O conxunto do documento debe ser lido desde esta lóxica: a investigación sustenta a interpretación, a interpretación fai posible a mediación, e a mediación retroalimenta os procesos de investigación e coñecemento do patrimonio.

1. ANTECEDENTES DO PROXECTO EDUCATIVO E CULTURAL DO MUSEO DO POBO GALEGO

A actividade educativa e cultural do Museo do Pobo Galego forma parte da súa traxectoria desde os primeiros anos de funcionamento. Xa na década de 1980 comezou a desenvolverse unha oferta de actividades dirixida a distintos públicos, coherente coa vocación do Museo como espazo de investigación, conservación e difusión do patrimonio cultural galego. Estas primeiras iniciativas sentaron as bases dunha acción educativa que, co paso do tempo, adquiriría unha identidade propia e unha estrutura estable.

A consolidación do actual Departamento de Educación e Acción Cultural (DEAC) produciuse entre finais da década de 1990 e comezos do século XXI. Entre 1997 e 1999 convocouse unha bolsa destinada a atender a crecente demanda de visitas guiadas para grupos organizados. Pouco despois, no ano 2000, coincidindo coa Capitalidade Cultural Europea de Santiago de Compostela e coa celebración de dúas importantes exposicións no Museo, realizouse a primeira contratación específica de persoal para o departamento, integrado por unha persoa responsable e cinco educadoras e educadores. Este momento marcou a creación dun equipo estable dedicado á acción educativa e cultural e supuxo a incorporación definitiva do DEAC á estrutura organizativa do Museo. Aínda que a composición do equipo foi variando ao longo dos anos, mantívose sempre unha estrutura profesional específica para o desenvolvemento destas funcións. Na actualidade, o departamento está integrado por unha persoa responsable e unha técnica a tempo completo.

A partir da súa consolidación, o DEAC iniciou un proceso continuado de deseño, implementación e avaliación de programas e actividades educativas, adaptándose ás necesidades dos diferentes públicos e ás transformacións sociais e culturais do seu contexto. Esta evolución permitiu configurar progresivamente unha proposta educativa propia, fundamentada na experiencia acumulada e na reflexión constante sobre o papel social do museo.

As liñas de traballo do departamento fóronse definindo arredor do estudo, interpretación e difusión da cultura galega desde a perspectiva da antropoloxía social e

cultural, prestando especial atención aos procesos de continuidade, cambio e resignificación do patrimonio na sociedade. Neste marco, a educación patrimonial, a participación cultural, a mediación, a accesibilidade e a creación de espazos de diálogo entre o museo e a cidadanía convertéronse en principios centrais da súa acción.

A experiencia derivada da pandemia da COVID-19 constituíu un novo punto de inflexión na evolución do departamento. A necesidade de manter o vínculo cos públicos nun contexto de restrición da presencialidade impulsou a incorporación estable de ferramentas e recursos dixitais, ampliando as posibilidades de acceso aos contidos e actividades do Museo. Neste proceso desenvolvéronse novas modalidades de mediación, visitas en liña e itinerarios accesibles apoiados na visita virtual, que pasaron a formar parte dos recursos educativos do centro. Esta revisión das prácticas e metodoloxías contribuíu a reforzar o compromiso do Museo cunha educación máis inclusiva, accesible e capaz de responder aos desafíos contemporáneos.

O presente Proxecto Educativo e Cultural, revisado e actualizado, é resultado desta traxectoria e da experiencia acumulada ao longo de máis de dúas décadas de traballo continuado. Nel recóllense os principios, obxectivos e liñas estratéxicas que orientan a acción educativa do Museo do Pobo Galego, entendida como unha ferramenta fundamental para favorecer o coñecemento, a interpretación crítica e a apropiación social do patrimonio cultural galego.

2. MARCO CONCEPTUAL E PRINCIPIOS ORIENTADORES

O Departamento de Educación e Acción Cultural (DEAC) constitúe unha área técnica integrada na estrutura do Museo e inserida no desenvolvemento do proxecto museolóxico institucional. Concíbese como unha estrutura técnica na que se articulan de maneira inseparable a investigación aplicada, a interpretación museolóxica do patrimonio e a mediación cultural, orientadas á activación social do patrimonio e á relación cos públicos.

Museoloxía social. A museoloxía social constitúe o marco epistemolóxico do Proxecto Educativo, entendendo o Museo como unha institución situada, atravesada por dimensións sociais, culturais e políticas, cuxa función vai alén da conservación e

exhibición do patrimonio participando activamente na produción de significados culturais e na construción de relacións entre patrimonio e sociedade.

Desde esta perspectiva, o Museo é entendido como un axente activo na construción de significados culturais, no que os procesos de interpretación e activación social do patrimonio forman parte da súa función estrutural.

Desde esta mesma perspectiva, o patrimonio enténdese como unha construción social en permanente transformación, resultado de procesos de selección, interpretación, apropiación e resignificación nos que o Museo actúa como axente activo.

Educación patrimonial. A educación patrimonial configúrase como o campo de práctica a través do cal se materializa a función social do Museo no ámbito educativo e cultural. Articúlase sobre tres dimensións interdependentes: a investigación aplicada sobre o patrimonio e os públicos, a interpretación museolóxica dos discursos patrimoniais e a mediación cultural como proceso de activación social do coñecemento.

Este enfoque supera modelos transmisivos, configurando a educación patrimonial como un proceso de produción e circulación de coñecemento en diálogo coa sociedade.

Perspectiva de xénero. Alén do que atinxe a desigualdade entre homes e mulleres o xénero facilita unha análise ampla e significativa da realidade ao visibilizar outras formas de desigualdade vinculadas a categorías como a clase social, a etnia ou a xeración. A introdución da perspectiva de xénero de carácter transversal nas accións educativas e culturais do Museo, fai visibles as xerarquías culturais e interroga sobre as formas de produción, cuestionando ao patrimonio desde e sobre a pluralidade de identidades.

Visión crítica dos procesos de patrimonialización e representación da cultura.

En relación co punto anterior, a acción educativa do Museo debe posibilitar a comprensión do universo sociocultural e da traxectoria histórica na que estamos inseridos, dotando de memoria crítica ao noso acervo cultural.

Partindo da consideración do patrimonio como unha construción social e cultural en permanente transformación, o Museo promoverá unha análise crítica dos procesos de patrimonialización que deron lugar á selección, interpretación e representación de determinados elementos da cultura galega.

A idea dunha cultura estática e as visións folclorizantes da tradición forman parte do contexto histórico no que xurde a idea deste Museo. Por este motivo considérase necesario fomentar unha lectura crítica e plural dos procesos de construción da identidade cultural, incorporando perspectivas que permitan comprender a diversidade de experiencias, memorias e formas de representación presentes na sociedade galega.

Comunidades e participación social. A participación enténdese como un proceso progresivo no que persoas, colectivos e comunidades se implican na vida do Museo en diferentes graos: asistencia, consulta, colaboración, cocreación e participación en procesos de reflexión e decisión.

O Museo recoñece múltiples comunidades vinculadas ao patrimonio e promove espazos estables de diálogo e colaboración que permitan integrar coñecementos e perspectivas diversas e quere a favorecer no Museo mecanismos estables de diálogo, colaboración e participación que permitan incorporar a diversidade de coñecementos, experiencias e interpretacións presentes na sociedade.

Persoas como protagonistas. Acadar a participación integradora, transversal e construtiva das comunidades normalizando a presenza activa da cidadanía na vida do Museo. Para isto hai que crear ferramentas que faciliten o acceso de todas as persoas ao Museo, que fomenten o tránsito do mero coñecemento do patrimonio cara á participación en accións que integren as diversas vivenzas e percepcións e que engadan valor ao patrimonio do Museo. Esta participación poderá adoptar diferentes formas, desde a asistencia e colaboración en actividades ata a cocreación de proxectos

e a incorporación de voces e coñecementos diversos nos procesos de interpretación e activación social do patrimonio.

Traballo en rede. O DEAC promove o traballo en rede interno e externo, favorecendo a cooperación con outras institucións e axentes culturais e sociais.

Formación. O equipo do DEAC posúe un perfil interdisciplinar que require formación continua e actualización permanente nos ámbitos da educación, a mediación cultural, a comunicación e o patrimonio, garantindo unha intervención fundamentada e coherente co proxecto museolóxico.

O DEAC constitúese, así mesmo, como espazo de aprendizaxe profesional en contexto real, aberto á realización de prácticas e estadias formativas en colaboración con centros educativos e universidades, favorecendo o intercambio entre formación e práctica profesional.

Avaliación. Constitúe unha parte esencial do Proxecto Educativo e Cultural do Museo e intégrase no funcionamento do DEAC como un proceso continuo de mellora das accións educativas e culturais:

- Enténdese como unha ferramenta de análise da práctica que permite valorar o desenvolvemento das actividades e os seus resultados, e orientar a súa mellora en relación coa planificación, os contidos e a relación cos públicos.
- A avaliación acompaña todo o proceso, desde o deseño das actividades ata a súa execución e análise final, funcionando como un mecanismo de retroalimentación que axuda a axustar estratexias.
- Recóllese mediante diferentes ferramentas como a observación, as enquisas, os espazos de opinión do público, a análise da participación e a colaboración co resto do persoal do Museo.

O conxunto destes principios define o marco de actuación do Departamento de Educación e Acción Cultural, establecendo unha concepción do museo como espazo de produción cultural, relación social e interpretación crítica do patrimonio.

Desde esta perspectiva, o DEAC intégrase na estrutura do Museo como unha área transversal, cuxa función non se limita ao desenvolvemento de actividades educativas, senón que abrangue a participación na construción dos discursos museolóxicos, na relación coas comunidades e na articulación de procesos de mediación cultural compartidos co resto das áreas da institución.

3. OBXECTIVOS

Nos principios sobre os que baseamos este Proxecto determínanse tamén gran parte dos obxectivos xerais, así como algúns dos principios metodolóxicos que orientarán a práctica educativa e permitirán acadar os obxectivos do Proxecto Educativo e de Acción Cultural.

- Consolidar unha acción educativa e cultural propia, integrada no proxecto museolóxico do Museo pero dotada de autonomía conceptual e metodolóxica.
- Contribuír ao coñecemento crítico do patrimonio cultural galego, promovendo a comprensión dos procesos de patrimonialización, memoria, identidade e transformación social.
- Favorecer a apropiación social do patrimonio, impulsando experiencias significativas que relacionen os contidos do Museo coa realidade e as vivencias das persoas participantes.
- Promover a participación activa de persoas, colectivos e comunidades nos procesos de interpretación, activación social e difusión do patrimonio.

- Garantir a accesibilidade, a inclusión e o recoñecemento da diversidade, facendo do Museo un espazo aberto e relevante para todas as persoas.
- Fortalecer a relación do Museo coa súa contorna social e cultural, mediante redes de colaboración, proxectos compartidos e traballo comunitario.
- Impulsar a investigación, a mediación e a innovación educativa como bases para o desenvolvemento da acción educativa e cultural.
- Contribuír ao desenvolvemento sostible e á cohesión social, reforzando o papel do Museo como axente cultural comprometido coa sociedade.

4. METODOLOXÍA

A metodoloxía do DEAC baséase nun modelo integrado no que a investigación aplicada sobre patrimonio e públicos fundamenta os procesos de interpretación museolóxica, que á súa vez fan posible as prácticas de mediación cultural.

A acción educativa e cultural do DEAC desenvólvese desde os principios da educación patrimonial definidos neste proxecto, articulando os procesos de investigación, interpretación e mediación orientados á activación social do patrimonio.

Para o desenvolvemento da súa acción educativa, o DEAC incorpora achegas procedentes da Educación Ambiental, da Educación Social e da Animación Sociocultural, especialmente no relativo á interpretación do patrimonio, á participación comunitaria, á intervención sociocultural e á educación non formal.

A mediación cultural concíbese desde unha perspectiva de mediación patrimonial comunitaria, orientada a facilitar o diálogo entre patrimonio, museo e comunidades, favorecendo a participación, a interpretación compartida e a incorporación de múltiples voces e coñecementos aos procesos de activación social do patrimonio.

No referente ás teorías da educación, a metodoloxía artículase arredor das achegas da aprendizaxe experiencial, do construtivismo social, das pedagogías dialóxicas e críticas e dos enfoques contemporáneos da educación patrimonial. Estas perspectivas conciben a aprendizaxe como un proceso situado, participativo e construído colectivamente a partir da experiencia, da interacción social e da reflexión crítica sobre a realidade.

A concreción metodolóxica deste modelo caracterízase por:

- A articulación entre investigación, interpretación museolóxica e mediación cultural, entendendo a mediación como o resultado dun proceso previo de análise, estudo e interpretación que garante a pertinencia e o significado das accións educativas.
- O desenvolvemento de procesos de aprendizaxe dialóxicos, nos que as persoas participantes contribúen á construción compartida de coñecementos, interpretacións e significados a partir das súas experiencias, saberes e perspectivas.
- A utilización de estratexias de exploración, descubrimento, experimentación e aprendizaxe significativa, adaptadas aos distintos públicos e contextos de participación.
- O deseño de actividades orientadas á comprensión dos significados, usos e dinámicas sociais que se desenvolven arredor do patrimonio, favorecendo a reflexión crítica sobre os procesos que o configuraron e o configuran.
- A promoción de procesos de participación, colaboración e cocreación que permitan incorporar múltiples voces e perspectivas á interpretación do patrimonio e á vida cultural do Museo.
- O fomento da implicación das persoas e comunidades en iniciativas de coñecemento, investigación, documentación, protección e activación social do patrimonio.
- A contribución á formación de capacidades para a intervención educativa e cultural en relación co patrimonio, mediante a colaboración con centros educativos, profesionais e colectivos interesados.

- A incorporación da avaliación continua como ferramenta de análise, aprendizaxe e mellora das accións educativas e culturais desenvolvidas polo DEAC.

5. AVALIACIÓN

A avaliación constitúe unha parte fundamental do Proxecto Educativo do Museo. Os aspectos susceptibles de avaliación na acción educativa museal son múltiples, polo que resulta necesario definir un modelo que contemple as distintas dimensións da acción educativa: obxectivos, contidos, metodoloxía, recursos, xestión e organización.

Para cada unha destas dimensións estableceranse indicadores específicos relacionados, entre outros aspectos, coa eficacia comunicativa, a adecuación aos principios didácticos, as concepcións didácticas explícitas e implícitas, os materiais empregados, a súa proxección, así como a adecuación dos espazos e dos contidos

Os indicadores de avaliación combinarán dimensións cuantitativas e cualitativas. Entre os indicadores cuantitativos poderanse considerar, entre outros, o número de participantes, a frecuencia de participación e repetición das visitas, a diversidade dos públicos participantes, o alcance das accións desenvolvidas ou os niveis de accesibilidade acadados.

Entre os indicadores cualitativos prestarase especial atención á percepción de inclusión das persoas participantes, aos procesos de apropiación social do patrimonio, ás aprendizaxes percibidas, ao grao de satisfacción coas actividades, á capacidade das accións para favorecer o diálogo e a reflexión crítica e á xeración ou fortalecemento de vínculos entre o Museo e as comunidades relacionadas cos seus ámbitos de actuación.

A avaliación deberá estruturarse en distintos momentos do desenvolvemento das accións educativas: durante a planificación das actividades, na súa execución e ao remate das mesmas.

Resulta fundamental incorporar a opinión das persoas participantes ao longo de todo o proceso educativo e sociocultural: tanto a do público visitante en xeral como a das

persoas participantes en actividades concretas ou pertencentes a sectores específicos. Do mesmo xeito, tamén deberá terse en conta a valoración das persoas profesionais dos distintos servizos do Museo, especialmente daqueles directamente vinculados coa atención ao público.

Así mesmo, será necesario avaliar o labor dos servizos e das persoas educadoras no relativo ao desenvolvemento das actividades e á súa relación coas persoas usuarias.

Na avaliación tamén se terá en consideración o custo económico das accións desenvolvidas, co obxectivo de optimizar os recursos dispoñibles de acordo coa metodoloxía considerada máis axeitada.

Os métodos de avaliación combinarán distintas ferramentas e procedementos, como a observación, os libros ou espazos para comentarios, as enquisas xerais e específicas para determinados programas, os procesos de retroalimentación e a análise das interaccións nas redes sociais.

6. ÁMBITOS DE TRABALLO E FUNCIONS

O Departamento de Educación e Acción Cultural (DEAC) é a estrutura responsable da planificación, coordinación e desenvolvemento da acción educativa e cultural do Museo, no marco do seu proxecto museolóxico.

O seu traballo artículase como un ciclo continuo de investigación, interpretación museolóxica, mediación cultural e avaliación, orientado á activación social do patrimonio e ao desenvolvemento da programación educativa e cultural da institución.

Para a consecución dos obxectivos xerais, o DEAC organiza a súa actividade en cinco grandes ámbitos de traballo, que estruturan de maneira integrada as distintas dimensións da acción educativa e cultural.

Estes ámbitos baséanse nun coñecemento amplo e continuado do Museo, que implica o estudo da colección, das exposicións e dos públicos, así como a colaboración constante cos diferentes departamentos e axentes da institución, tanto no plano interno como externo.

O desenvolvemento do DEAC susténtase en procesos permanentes de investigación aplicada sobre os contidos patrimoniais, os discursos museolóxicos, os espazos expositivos e os públicos, que serven de base para o deseño, desenvolvemento e avaliación das accións educativas e culturais.

1. Investigación e estudo das coleccións e dos espazos expositivos

O DEAC desenvolve procesos de investigación aplicada sobre o patrimonio do Museo, os seus discursos e os espazos expositivos, co obxectivo de fundamentar a acción educativa e cultural e garantir a súa coherencia co proxecto museolóxico.

Este ámbito baséase no coñecemento continuo da colección, da historia do Museo e das súas narrativas, así como na actualización permanente das achegas procedentes da museoloxía, a educación patrimonial e as ciencias sociais.

Inclúe as seguintes tarefas:

- Coñecemento da historia do Museo, do edificio e da colección como base para o deseño de accións educativas e de mediación.
- Análise dos obxectos e conxuntos patrimoniais desde unha perspectiva educativa e comunicativa.
- Coordinación cos departamentos de Conservación, Exposicións, Biblioteca e Arquivo para o acceso e actualización da información museolóxica.
- Actualización continua dos marcos teóricos e metodolóxicos da educación patrimonial e da mediación cultural.
- Avaliación da dimensión educativa e comunicativa dos espazos expositivos.
- Incorporación de criterios de accesibilidade cognitiva, sensorial e comunicativa na interpretación do patrimonio.

2. Estudo dos públicos

O DEAC desenvolve procesos continuos de análise dos públicos reais e potenciais do Museo, co fin de orientar o deseño, mellora e avaliación das accións educativas e culturais.

Este coñecemento constitúe unha base esencial para a planificación de estratexias de mediación, accesibilidade e programación cultural.

Inclúe as seguintes tarefas:

- Identificación de públicos reais e potenciais, así como de colectivos non participantes.
- Observación sistemática dos comportamentos das persoas visitantes no Museo.
- Recollida e análise de datos cualitativos e cuantitativos sobre públicos e participación.
- Estudo de experiencias de visita, percorridos e interacción cos contidos museolóxicos.
- Colaboración con axentes educativos, sociais e culturais vinculados á mediación dos públicos.
- Apoio ao persoal de atención ao público como fonte de información cualitativa sobre a experiencia visitante.

3. Deseño da programación educativa e cultural

O DEAC é responsable do deseño, planificación e coordinación da programación educativa e cultural do Museo, garantindo a súa coherencia co proxecto museolóxico e coas liñas estratéxicas da institución.

Este ámbito inclúe a definición de propostas dirixidas a diferentes públicos, a estruturación de actividades e a elaboración de recursos de mediación.

Inclúe as seguintes tarefas:

- Deseño e planificación da programación educativa e cultural.
- Definición de tipoloxías de actividades, proxectos e itinerarios de mediación.
- Elaboración de recursos educativos baseados na investigación previa.
- Integración dos discursos museolóxicos na acción educativa.
- Adaptación das propostas a distintos públicos, idades e contextos de uso.
- Planificación de estratexias de accesibilidade e inclusión na programación.

4. Comunicación e mediación cos públicos

A comunicación constitúe un ámbito estrutural do DEAC orientada a garantir o acceso aos contidos, actividades e recursos do Museo, así como a fortalecer a relación coa sociedade e cos diferentes públicos.

Este ámbito abrangue tanto a difusión da programación como a mediación directa e a relación con axentes externos.

Inclúe as seguintes tarefas:

- Interpretación e mediación dos contidos museolóxicos para distintos públicos.
- Difusión da programación educativa e cultural mediante canles analóxicas e dixitais.
- Mantemento de relacións con centros educativos, entidades culturais e sociais.
- Desenvolvemento de estratexias de accesibilidade, inclusión e atención á diversidade.
- Fomento da participación e fidelización dos públicos.
- Colaboración con outras entidades e participación en redes culturais e educativas.

5.Coordinación e cooperación institucional

O DEAC integra a súa actividade nun sistema continuo de coordinación interna coas distintas áreas do Museo, que permite asegurar a coherencia entre a acción educativa, os discursos museolóxicos e a xestión dos públicos.

Este ámbito abrangue tanto a coordinación interna como a cooperación con axentes externos, entendendo ambas dimensións como parte esencial da acción educativa e cultural do Museo.

No plano interno, inclúe o intercambio operativo de información, a planificación compartida e a integración de datos procedentes dos distintos servizos na definición e avaliación das accións educativas.

No plano externo, inclúe a colaboración con institucións educativas, culturais e sociais, así como a participación en redes profesionais, proxectos compartidos e iniciativas de cooperación cultural e educativa.

Inclúe, entre outras, as seguintes liñas de actuación:

- Coordinación cos departamentos de Conservación, Exposicións, Biblioteca e Arquivo.
- Comunicación operativa co persoal de recepción, atención ao público e vixilancia de salas.
- Intercambio de información sobre actividades, públicos, espazos e incidencias.
- Integración de datos e observacións procedentes dos distintos servizos na planificación educativa.
- Participación na construción compartida dos discursos museolóxicos.
- Colaboración con centros educativos, entidades sociais e culturais e outros axentes externos.
- Participación en redes profesionais e proxectos de cooperación cultural e educativa

6. Avaliación e mellora continua

A avaliación constitúe un eixo estrutural e transversal do traballo do DEAC, integrado no conxunto do ciclo de investigación, programación e mediación cultural.

Non se concibe como un ámbito independente e pechado, senón como un proceso continuo que atravesas todas as áreas de traballo e permite a mellora das súas prácticas e ao reforzo do seu impacto social e educativo.

A súa función principal é alimentar a toma de decisións, a planificación e a revisión das estratexias educativas, garantindo a coherencia entre obxectivos, accións e resultados.

Neste marco, a avaliación abrangue:

- Avaliación das accións educativas e culturais en todos os ámbitos de traballo do DEAC.
- Análise de resultados, impacto, participación e experiencia dos públicos.
- Valoración da accesibilidade, aprendizaxe e calidade das propostas desenvolvidas.

- Identificación de fortalezas e áreas de mellora na programación.
- Retroalimentación continua do ciclo de investigación, deseño e mediación.
- Incorporación das evidencias avaliativas aos procesos de planificación do Museo.

7. MARCO ORGANIZATIVO DO PROXECTO EDUCATIVO E DE ACCIÓN CULTURAL

7.1 Inserción do DEAC na estrutura do Museo

O Departamento de Educación e Acción Cultural (DEAC) constitúe unha área técnica integrada na estrutura do Museo, inserida no desenvolvemento do proxecto museolóxico institucional. O seu funcionamento baséase nun sistema de coordinación transversal co resto das áreas do Museo, co obxectivo de garantir a coherencia entre os discursos museolóxicos, os procesos de interpretación do patrimonio e as estratexias de mediación cultural dirixidas aos distintos públicos.

Este sistema de relacións baséase na colaboración funcional entre departamentos, sen que isto implique dependencia xerárquica, senón coordinación metodolóxica e operativa en función das necesidades do proxecto museístico.

O DEAC establece relacións de coordinación coas seguintes áreas:

- Dirección do Museo, na definición das liñas estratéxicas en materia de educación, acción cultural e relación cos públicos, así como na avaliación do impacto social e cultural da actividade do Museo.

- Área de conservación e coleccións, na interpretación, contextualización e accesibilidade dos fondos museográficos, integrando a dimensión educativa na comunicación do patrimonio.
- Área de exposicións e museografía, na definición de narrativas expositivas e na incorporación de recursos interpretativos e educativos nos espazos expositivos.
- Departamento de comunicación, na difusión das actividades educativas e culturais e na adaptación de contidos educativos aos formatos e canles institucionais do Museo.
- Área de administración e xestión, na planificación de recursos, xestión de persoal vinculado aos programas educativos e xustificación técnica e administrativa de proxectos.
- Área de atención ao público en recepción e salas, na definición de criterios de atención desde unha perspectiva cultural e informativa, na formación en mediación básica e na mellora continua da experiencia de contacto directo co público visitante.

Neste marco, o DEAC actúa como unidade de referencia no ámbito da educación patrimonial, a mediación cultural e a accesibilidade universal, integrando a dimensión educativa no conxunto da actividade museística e garantindo a coherencia entre os distintos ámbitos de traballo do Museo. Así mesmo, asume un papel central na articulación das estratexias de relación cos públicos e no desenvolvemento da función educativa e cultural da institución.

7.2 Estrutura interna e persoal do DEAC

O Departamento de Educación e Acción Cultural estrutúrase como un equipo técnico especializado organizado en diferentes perfís funcionais e complementarios que permiten o desenvolvemento integral da súa actividade.

Este modelo combina unha estrutura funcional definida cunha metodoloxía flexible de traballo adaptada ás necesidades do Museo e á diversidade das accións educativas e socioculturais.

XEFATURA E COORDINACIÓN DO DEAC

A xefatura e coordinación do DEAC é a figura responsable da planificación estratéxica, coordinación e avaliación global da área, garantindo a coherencia entre o proxecto museolóxico do Museo e os procesos de investigación, interpretación, mediación e acción cultural desenvolvidos polo departamento.

Funcións:

- Definir as liñas estratéxicas do DEAC en coherencia co proxecto museolóxico.
- Dirixir e coordinar a actividade do departamento.
- Integrar a investigación aplicada sobre patrimonio, públicos e procesos de mediación como base da planificación educativa e cultural.
- Garantir a coherencia entre os discursos museolóxicos e os procesos de investigación, interpretación e mediación desenvolvidos polo Museo.
- Impulsar estratexias de colaboración, participación e diálogo con comunidades, colectivos e axentes sociais vinculados aos ámbitos de actuación do Museo.
- Coordinar equipos internos e externos en proxectos específicos.
- Establecer e supervisar procesos de avaliación, aprendizaxe institucional e mellora continua das accións educativas e culturais.
- Impulsar liñas de investigación en educación patrimonial, mediación e públicos.
- Participar na planificación global do Museo desde a perspectiva dos públicos e da acción sociocultural.
- Coordinar a relación cos demais departamentos técnicos do Museo.
- Representar o DEAC en espazos institucionais e redes profesionais.

Requirimentos:

Requírese titulación superior en Ciencias Sociais ou Humanidades, con especialización en Museoloxía, Xestión Cultural, Educación Patrimonial e/ou Mediación Cultural, así como formación en comunicación e investigación aplicada.

AXUDANTE DO DEAC *(apoio técnico á programación educativa e á mediación)*

Persoa técnica de apoio á xefatura do departamento en programación educativa e mediación, responsable do soporte técnico á planificación, coordinación operativa de

proxectos e seguimento de programas educativos e culturais. Este perfil pode asumir, por delegación da xefatura, a coordinación técnica de programas específicos.

Funcións:

- Apoio á planificación e desenvolvemento da programación educativa e de mediación.
- Seguimento da execución dos programas educativos e culturais.
- Apoio técnico na elaboración de materiais e recursos educativos.
- Colaboración no estudo de públicos e nos procesos de avaliación das actividades.
- Coordinación operativa de proxectos e actividades concretas asignadas pola Xefatura do departamento.
- Asunción, por delegación, da coordinación técnica de programas ou proxectos específicos.
- Apoio á organización do traballo do persoal educador en proxectos determinados.
- Apoio á documentación, sistematización e análise das accións desenvolvidas.

Requirimentos.

Requírese titulación superior en Educación, Educación Social, Ciencias Sociais ou disciplinas afíns, con coñecementos en museoloxía, mediación cultural e programación educativa en contextos patrimoniais.

PERSOA TÉCNICA DE RECURSOS EDUCATIVOS, COMUNICACIÓN E DOCUMENTACIÓN (*soporte dixital e produción de recursos educativos*)

Persoa técnica de apoio transversal ás accións educativas e culturais do DEAC, responsable do desenvolvemento de recursos educativos dixitais, da produción de contidos educativos e da xestión documental das accións xeradas no departamento, en coordinación co departamento de comunicación do Museo cando proceda.

Funcións:

- Desenvolvemento de contidos dixitais e recursos educativos para a mediación cultural.
- Deseño e produción de materiais educativos dixitais e autónomos.

- Apoio á comunicación e difusión das actividades do DEAC en coordinación co departamento de comunicación do Museo.
- Documentación, sistematización e arquivo das accións educativas e culturais.
- Organización de materiais e recursos xerados polo DEAC en repositorios ou sistemas de arquivo interno. (*opcional / avanzado*)
- Apoio á mediación dixital e á extensión dos contidos educativos en contornos virtuais.
- Colaboración nos procesos de avaliación mediante a organización e tratamento da información xerada nas actividades.

Requirimentos:

Requírese formación superior en Comunicación audiovisual, Educación, Xestión Cultural ou disciplinas afíns con coñecementos de produción multimedia e uso de ferramentas dixitais e contornos de rede.

Valorarase formación e/ou experiencia en:

- Mediación cultural e educación patrimonial.
- Xestión básica de contidos e documentación dixital.
- Coordinación con departamentos de comunicación institucional.
- Creación de recursos educativos dixitais e contidos culturais.
- Accesibilidade e deseño de contidos inclusivos.

PERSOAL EDUCADOR

O persoal educador constitúe o núcleo operativo da mediación directa co público, activando os procesos de interpretación e comunicación do patrimonio en contextos de aprendizaxe non formal.

Funcións:

- Mediación educativa en visitas, obradoiros e actividades culturais.
- Activación e interpretación pedagóxica dos contidos museolóxicos en contextos de aprendizaxe non formal.
- Adaptación das propostas educativas aos distintos perfís de público.

- Colaboración en estratexias de accesibilidade, inclusión e atención á diversidade.
- Recollida de información cualitativa sobre as experiencias das persoas visitantes como parte dos procesos de avaliación e mellora das accións.
- Apoio aos procesos de análise e reflexión sobre o desenvolvemento das actividades educativas e culturais.

Requirimentos:

Requírese titulación de Formación Profesional de grao superior na familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade, especialmente en Animación Sociocultural e Turística ou Integración Social. Admitiranse tamén outras titulacións afíns en función do perfil do posto e das necesidades do servizo.

Este modelo poderá adaptarse e evolucionar en función das liñas museolóxicas do Museo, da súa estratexia institucional e das necesidades dos seus públicos, garantindo sempre a coherencia entre investigación, interpretación museolóxica e mediación cultural.



Museo do Pobo Galego

Este documento foi revisado e actualizado en 2024